



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

ACTA 1

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE UN (1) TRACTORISTA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL-RURAL).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000013

EXPEDIENTE: TR351G2025-000000058-1

En Val do Dubra, o día 30 de xuño de 2025, sendo as 10.45 horas reúnense o Tribunal que vai xulgar o proceso selectivo convocado para a selección de un tractorista para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural).

Asisten:

Presidente/a: M^a Inés Iglesias Dominguez, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.

1º Vogal José Antonio Parceros Casas, condutor do Concello de Val do Dubra.

2º Vogal José Manuel Souto Fernández, encargado de obra do Concello de Tordoia.

3º Vogal Ricardo Torreira Pensado, oficial de primeira tractorista do Concello da Baña

Secretario: Ana Lucía Calviño Canedo, axente de emprego do Concello de Val do Dubra.

Pola Presidencia declarouse constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente a informar aos membros do Tribunal, que os aspirantes: Castro Iglesias José e Martínez Blanco Carlos teñen que presentarse a proba oral de coñecemento da lingua galega, unicamente obrigatorio para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, segundo o disposto ao efecto na base 8.

Procédese á confección das preguntas para o exame tipo test que consistirá en contestar por escrito a 25 preguntas (2 de reserva) e dúas preguntas para o caso práctico que gardarán relación coas materias comprendidas no temario que figura nas bases de selección, a responder nun tempo máximo de 40 minutos e que se anexa ao expediente.

Ás 10:50 deu comenzo a proba teórica tipo test que constou de 25 preguntas, con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva. Unha vez concluída a dita proba, deu comezo a proba práctica consistente na realización de dúas preguntas a desenvolver. Achéganse as respostas correctas da proba tipo test como documento adxunto independente na presente publicación.

O Tribunal acorda por unanimidade:

Primeiro.- Establecer a puntuación provisional acadada na fase de OPOSICIÓN para o posto de Tractorista e a puntuación acadada tal e como se establece no artigo 14.6 da Orde do 5 de marzo de 2025, ás persoas que acrediten que pertencen a algún dos criterios establecidos no apartado 3.10 e así o acrediten coa súa solicitude asignaráselle 1 punto como máximo, non sendo acumulables.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 – F Telef. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

Nome e Apelidos	Proba 1 (Test)	Proba 2 (Práctico)	Criterios Preferentes(Base 8)	Total
Álvarez Rey, Herminio José	8,80	10	1	19,80
Castro Iglesias, José	6,4	8	1	15,4
Martinez Blanco, Carlos	4,4	8	1	13,4

Segundo.- De acordo coa base 8 de selección para a contratación laboral temporal de persoal para o fomento de emprego no medio rural realizouse a proba de coñecemento da lingua galega.

Visto o informe de data 30/06/2025 da técnica de normalización lingüística onde figuran as cualificacións obtidas polos candidatos na proba de coñecemento da lingua galega, do teor literal seguinte:

Nome e Apelidos	Proba	Cualificación
Castro Iglesias, José	Apto	Apto
Martinez Blanco, Carlos	Apto	Apto

Terceiro.- Os candidatos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, para formular as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello (ata o mércores día 2 de xullo). Rematado o dito prazo, o Tribunal publicará a acta definitiva propoñendo á Alcaldía os candidatos a seleccionar.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, ás 13:00 horas, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

Asinada na data que figura ao marxe da dita acta, polo presidente e secretaria do Tribunal Cualificador.